

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO E JÚNIOR DE NATACIÓN

Tempada 2007 - 2008 – Circular 07-19

1.- Organización, datas e sede.

- 1.1.- O Campionato Galego Absoluto e Júnior de inverno celebrarase os días 28,29 e 30 de decembro 2007 en Santiago na piscina de Santa Isabel.
- 1.2.- O Campionato Galego Absoluto e Júnior de verán celebrarase os días 11,12,e 13 de xullo de 2008 en Pontevedra no Complexo deportivo Rías do Sur.
- 1.3.- O Campionato Galego Absoluto e Júnior celebrarase a nivel rexional en tres xornadas cunha sesión de mañá e outra de tarde cada unha delas.
- 1.4.- As sesións de mañá darán comezo ás 10:00 horas e as de tarde ás 17:00 horas.
- 1.5.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos unha hora e media antes do inicio de cada sesión e media hora despois da súa finalización, así como o día previo ao Campionato en horario de tarde e previa solicitude dos Clubs interesados ao Club organizador. Os nadadores teñen dereito a realizar o quecemento ata 10 minutos antes de que comece a sesión.

2.- Programa de probas.

1ª XORNADA – 1ª SESIÓN (10:00 HORAS)	1ª XORNADA – 2ª SESIÓN (17.00 HORAS)
1. 200 BRAZA MASCULINO	FINAIS A E B DAS PROBAS
2. 200 BRAZA FEMININO	1, 2, 3, 4 ,5 ,6, 7, 8, 9, 10
3. 50 COSTAS MASCULINO	
4. 50 COSTAS FEMININO	13.- 4x200 LIBRES MASCULINO 90-91
5. 400 LIBRES MASCULINO	14.- 4X100 LIBRES FEMININO 92-93
6. 400 LIBRES FEMININO	
7. 200 ESTILOS MASCULINO	
8. 200 ESTILOS FEMININO	15. 4X100 LIBRE MASCULINO ABSOLUTO
9. 100 BOLBORETA MASCULINO	16. 4X200 LIBRE FEMININO ABSOLUTO
10. 100 BOLBORETA FEMININO	
11. 4X50 ESTILOS MASCULINO ABSOLUTO	
12. 4X50 ESTILOS FEMININO ABSOLUTO	
2ª XORNADA – 1ª SESIÓN (10:00 HORAS)	2ª XORNADA – 2ª SESIÓN (17.00 HORAS)
17. 200 LIBRE MASCULINO	FINAIS A E B DAS PROBAS
18. 200 LIBRE FEMININO	17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27 e 28
19. 50 BOLBORETA MASCULINO	
20. 50 BOLBORETA FEMININO	
21. 100 BRAZA MASCULINO	31. 4X100 LIBRE MASCULINO 90-91
22. 100 BRAZA FEMININO	32. 4X200 LIBRE FEMININO 92-93
23. 200 COSTAS MASCULINO	
24. 200 COSTAS FEMININO	33. 4X200 LIBRE MASCULINO ABSOLUTO
25. 50 LIBRE MASCULINO	34. 4X100 LIBRE FEMININO ABSOLUTO
26. 50 LIBRE FEMININO	
27. 400 ESTILOS MASCULINO	
28. 400 ESTILOS FEMININO	
29. 4X50 LIBRE MASCULINO ABSOLUTO	
30. 4X50 LIBRE FEMININO ABSOLUTO	
3ª XORNADA – 1ª SESIÓN (10:00 HORAS)	3ª XORNADA – 2ª SESIÓN (17.00 HORAS)
35. 100 LIBRE MASCULINO	FINAIS A E B DAS PROBAS
36. 100 LIBRE FEMININO.	35, 36, 37, 38, 39, 40, 41,42, 43 e 44
37. 50 BRAZA MASCULINO	
38. 50 BRAZA FEMININO	ÚLTIMA SERIE DAS PROBAS 45 e 46
39. 200 BOLBORETA MASCULINO	
40. 200 BOLBORETA FEMININO	47. 4X100 ESTILOS MASCULINO 90-91
41. 100 COSTAS MASCULINO	48. 4X100 ESTILOS FEMININO 92-93
42. 100 COSTAS FEMININO	
43. 100 ESTILOS MASCULINO*	
44. 100 ESTILOS FEMININO*	
45. 1500 LIBRE MASCULINO	49. 4X100 ESTILOS MASCULINO ABSOLUTO
46.- 800 LIBRE FEMININO	50. 4X100 ESTILOS FEMININO ABSOLUTO

(*) Cando a piscina na que se celebre o campionato sexa de 50 metros, non se nadarán estas probas, manténdose a numeración das restantes.

3.- Participación.

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

- a) Nacidos nos anos 1990 e 1991 JUNIOR MASCULINO
- b) Nacidas nos anos 1992 e 1993 JUNIOR FEMININO
- c) Absoluto MASCULINO
- d) Absoluto FEMININO

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores que acrediten ter realizadas as marcas mínimas asignadas a cada unha das categorías.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo en tres probas individuais en todo o campionato e nunha proba de relevos por sesión.

3.4.- Non existe limitación en canto ao número de nadadores por Club e proba.

3.5.- Cada Club poderá inscribir un só equipo de relevos por proba e categoría sempre que teña acreditada a marca mínima, ben por suma de tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou realizada nun relevo con nadadores comprendidos nas categorías de referencia.

3.6.- Un nadador que non participe nunha proba para a que estea inscrito non poderá participar en ningunha outra na mesma sesión, agás se fose dado de baixa, segundo as normas do Art. 9 do libro IV do Regulamento Xeral da FEGAN.

4.- Inscripcións.

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á Federación por correo electrónico. Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscripción" que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou word. Remitirase tamén o impreso correspondente cos datos dos nadadores que participen unicamente en relevos.

4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEGAN para o campionato de inverno antes das 20:00 horas do 18 de decembro (martes) de 2007, e para o campionato de verán antes das 20:00 horas do 1 de xullo (martes) de 2008, sendo responsabilidade do Club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida.

5.- Fórmula de competición.

5.1.- Nas sesións matinais as series de categoría JUNIOR organizaranse polo sistema "contra o reloxo", e de forma independente, mentres que as series de nadadores absolutos se organizarán polo sistema de "cabezas de serie", agás as probas de, 800 e 1500 libres nas que se prescindirá da idade dos participantes e se nadarán, tamén, polo sistema de contra o reloxo.

5.2.- Confeccionarase unha final "A" cos 6/8 mellores tempos das eliminatorias, e unha final "B" cos 6/8 seguintes que se nadarán nas sesións de tarde, excepto nas probas de 800 libres feminino e 1.500 libres masculino onde a mellor serie estará composta polos 6/8 mellores tempos de inscrición e se nadarán tamén nas sesións de tarde.

5.3.- As probas de relevos nadaranse contra o reloxo.

5.4.- Os criterios de puntuación para todas as categorías serán os seguintes:

a) Para a puntuación só se terán en conta como máximo dous nadadores por club en cada proba individual, con independencia dos que participasen.

b) Só poderán puntuar os nadadores e equipos de relevos que referendasen a marca mínima en sistema de cronometraxe electrónica, da categoría correspondente, absoluta ou JUNIOR (as marcas para os nacidos nos anos 1988 e posteriores masculinos e 1990 e posteriores femininas, consideraranse só para os efectos de participación).

c) A puntuación nas probas individuais será 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1. No suposto do club que teña clasificados máis de dous nadadores na mesma proba só puntuarán os dous primeiros que referendasen a marca mínima. Os clasificados despois non serán puntuados, corréndose a súa puntuación ao seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo club.

d) A puntuación nas probas de relevos será 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

5.5.- No Campionato Absoluto:

a) Os records que se batan o igualen na competición, con independencia do posto, terán a puntuación engadida que se indica a continuación:

Récord dos campionatos	3 puntos
Mellor marca nacional	5 puntos
Record Galego	7 puntos
Record de España	10 puntos

Estas puntuacións extras non son acumulables entre si, nin tampouco da sesión da mañá á tarde.

b) Nas probas individuais a todos aqueles nadadores que superen os 800 puntos da táboa da FINA (Fina Point Scoring 2004) outorgaráselles unha puntuación extra acumulable por proba (non entre sesión de mañá e tarde) de 2 puntos.

5.6.- Nos Campionatos JUNIOR as clasificacións e puntuación efectuaranse cos resultados obtidos nas series eliminatorias excepto nas probas de 800 e 1500 metros, que o serán unha vez establecidas as clasificacións.

5.7.- En caso de que un nadador clasificado para unha final cause baixa obterá automaticamente o derradeiro posto da devandita final e a correspondente puntuación, sempre e cando igualase ou mellorase a marca mínima na eliminatoria. De non ser así, non obterá puntuación, pasando os puntos correspondentes ao seguinte nadador clasificado se igualase ou mellorase a mínima na final "B" correspondente.

5.8.- Aplicarase a mesma fórmula que no punto anterior no caso de descualificacións nas finais.

5.9.- Cando sexan máis de un os nadadores os afectados polos puntos anteriores, obterán os últimos postos, repartíndose os puntos se procede.

6.- Clasificacións.

As clasificacións por clubs faranse atendendo aos seguintes criterios:

6.1.- Campionato Absoluto.

a) Total masculina

b) Total feminina

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas. O Club que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego Absoluto de Inverno/Verán.

6.2.- Campionato JUNIOR:

a) Total masculina.

b) Total feminina.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas. O club que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego da categoría Júnior de Inverno/Verán.

7.- Títulos e premios.

7.1.- Medallas aos tres primeiros clasificados en cada proba en cada unha das categorías.

7.2.- Trofeos aos clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas no punto 6.

7.3.- Trofeo Paula Carballido ao nadador e nadadora que realicen a mellor marca do Campionato pola táboa da FINA (Fina Point Scoring 2004).

8. Marcas Mínimas

8.1.- Segundo Circular FEGAN. Marcas de participación en piscina de 25 metros con cronometraxe manual

MASCULINO					Proba	FEMININO				
Júnior		Abso Novo Anos 88 e posteriores Participación	Absoluto	Conv		Conv	Absoluto	Abso Novo Anos 90 e posteriores Participación	Júnior	
Ano 91	Ano 90								Ano 92	Ano 93
0,27,90	0,27,10	0,26,30	0,25,85	0.7	50 Libres	0.4	0,29,60	0,30,50	0,31,10	0,31,70
1,00,50	0,59,00	0,57,80	0,56,70	1.6	100 Libres	1.0	1,04,20	1,06,20	1,07,30	1,08,50
2,13,00	2,11,00	2,07,50	2,05,00	3.4	200 Libres	2.4	2,19,00	2,23,50	2,24,50	2,28,00
4,41,00	4,37,20	4,30,00	4,25,00	7.2	400 Libres	5.2	4,52,00	4,57,00	5,03,00	5,09,50
				15.7	800 Libres	11.9	9,49,00	10,12,00	10,18,50	10,29,00
18,35,00	18,26,00	17,52,00	17,25,00	29.5	1500 Libres	22.3				
0,31,20	0,30,80	0,29,25	0,28,75	0.3	50 Bolboreta	0.3	0,32,70	0,34,50	0,35,80	0,36,40
1,09,20	1,08,80	1,03,20	1,02,50	1.3	100 Bolboreta	0.8	1,12,50	1,15,00	1,16,30	1,17,50
2,38,00	2,34,00	2,26,50	2,22,00	3.1	200 Bolboreta	2.4	2,38,70	2,48,00	2,50,00	2,53,00
0,32,60	0,32,10	0,31,00	0,30,20	1.1	50 Costas	1.0	0,34,75	0,35,80	0,36,60	0,37,30
1,09,50	1,08,00	1,05,20	1,04,10	2.5	100 Costas	2.2	1,13,10	1,15,90	1,17,00	1,18,20
2,33,00	2,30,00	2,25,00	2,21,50	5.7	200 Costas	5.7	2,38,00	2,43,00	2,45,00	2,48,00
0,35,30	0,34,90	0,33,90	0,33,10	0.8	50 Braza	0.6	0,38,20	0,39,30	0,40,10	0,40,90
1,17,00	1,16,50	1,13,50	1,12,50	2.3	100 Braza	2.0	1,21,50	1,24,00	1,25,10	1,26,10
2,45,00	2,43,50	2,38,00	2,36,00	6.0	200 Braza	4.5	2,57,00	3,02,70	3,05,20	3,07,00
1,10,20	1,08,80	1,06,00	1,04,50	---	100 Estilos	---	1,14,70	1,16,50	1,17,30	1,18,70
2,32,50	2,29,10	2,24,50	2,21,00	4.9	200 Estilos	3.1	2,39,80	2,46,00	2,48,00	2,50,50
5,27,00	5,25,00	5,08,00	5,04,00	10.0	400 Estilos	7.5	5,40,00	5,50,00	5,53,00	5,58,20
			1,45,00	2.8	4 x 50 Lib	1.6	2,01,50			
4,18,00			3,54,00	6.4	4 x 100 Lib	4.0	4,26,00		4,38,00	
9,18,50			8,40,00	13.6	4 x 200 Lib	9.6	9,40,00		10,05,00	
			2,01,30	2.9	4 x 50 Est	2.3	2,17,50			
4,45,20			4,18,00	7.7	4 x 100 Est	6.0	5,00,00		5,22,50	

8.2.- A data a partir da cal se consideran válidas as marcas mínimas obtidas é o 1 de xaneiro de 2007 para o campionato de inverno, e o 1 de setembro de 2007 para o de verán.

No non previsto na presente normativa estarase ao disposto no artigo 10 do capítulo 3º do Título II do libro X do Regulamento Xeral da RFEN, e no seu caso, ao disposto nas normas FINA.

A Coruña, 20 xullo de 2007

Secretaría Xeral FEGAN